




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DI DÁCTICA. CURSO 2019/2020

ANEXO A PROGRAMACIÓN:

CENTRO: CMUS PROFESIONAL DA CORUÑA

CURSO: 3º GP

MATERIA: NOVAS TECNOLOXÍAS

DEPARTAMENTO: FUNDAMENTOS DE COMPOSICIÓN

DATA: 8/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Mínimos esixibles.**
- 2. Procedementos de avaliación e cualificación.**
- 3. Criterios de cualificación.**
- 4. Instrumentos de avaliación.**
- 5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**
- 6. Información e publicidade.**

1. Mínimos esixibles.

Concepto de informática. Software e Hardware dun ordenador.

Compoñentes do ordenador, periféricos, compoñentes da placa base.

Os editores de partituras. Musescor:

-Elementos básicos da notación musical figuras, silencios, alteracións, ligaduras de valor e expresión, o puntillo, as notas de adorno, símbolos de 8ª alta e baixa, creación de patróns de instrumentos, pautas e números de liñas, pentagramas e grupos, armaduras, compás e clave, articulacións.

Acústica básica dos instrumentos virtuales no editor de audio Reaper. Manexo básico. Elementos escondidos , Plug-ins, VST, a súa noción.

2. Procedementos de avaliación e cualificación.

- a) **Avaliación continua:** en ningún caso o alumnado obterá menor nota que a media obtida nos dous primeiros trimestres. O traballo realizado poderá servir para subir a nota
- b) **Alumnado que non puido ser avaliado de forma continua:** o profesor convocará ó alumno por centros net para a semana do 18 ó 22 de maio para a entrega dun traballo/s da materia ou exame

3. Criterios de cualificación.

O alumnado que ten aprobadas as dúas avaliación obterá como mínimo a nota media dos dous trimestres como nota final, servindo esta terceira avaliación só para subir nota en base á seguinte porcentaxe:

- 50 % os exercicios telemáticos
- 50% a nota do segundo trimestre

No caso do alumnado que teña que facer recuperación obterán a nota da proba sendo os mínimos esixibles os explicados no primeiro apartado

4. Instrumentos de avaliación.

Medios empregados para aclaración de dúbidas, envío de traballos así como a recepción dos mesmos:

- a) Email
- b) Centros net

5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)

Este terceiro trimestre tan atípico baséase na recuperación do alumnado que non acadou os obxetivos e contidos do primeiro e/ou o segundo trimestre, reforzo de repaso dos contidos adquiridos neste tempo polo que as actividades nesta materia serían:

Traballo para a elaboración de un pequeno fragmento audiovisual: Escritura de un miniguión, grabación co móvil de un pequeno diálogo, manexando distintos tipos de planos e a incorporación da música. Manexo do móvil coas regras de composición e encuadre.

6. Información e publicidade.

A programación pode consultarse no seguinte enlace:
<http://www.cmusprofesionalcoruna.es/departamentos/fundamentos-de-composicion/>

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.